

Estimadas familias:

Como xa sabedes este ano, nun intento de axudar a asumir os gastos das viaxes organizadas para as diferentes etapas, retomamos a tradicional venda de produtos coa empresa **Luicar**. Tedes que perdoar a demora, pero son moitas cousas a xestionar para poñer en marcha as viaxes e non puidemos facelo máis rápido.

Como xa indicamos nas diferentes reunións, os pedidos non terán ningún mínimo e os beneficios son íntegros para o alumnado. Todas as semanas, **antes do domingo ás 20:00 h.** poderán facer o pedido neste **enlace web**:

<https://forms.gle/U1LLLvJMiqhwAHz8>

Poderán pedir os produtos do catálogo que consideren. Neste formulario de pedido xa se lles indica o prezo polo que compran eles e o prezo mínimo polo que deberían vender, co beneficio. Ademais, tedes na aula virtual o catálogo e a lista de prezos en pdf.

Os pagos destes pedidos faranse directamente á empresa por bizum (preferiblemente) ou transferencia, sempre a pedido vencido. É dicir, o primeiro pedido pagarase unha vez que o teñan vendido ou fagan o segundo, para non ter que adiantar diñeiro. Os produtos encargados non se devolven.

Estes pedidos chegarán ao centro en **caixas individuais** identificadas e repartiranse sempre o mesmo día da semana para manter a organización. Pregamos que revisen no propio centro que está todo completo e en boas condicións.

O número para facer o **bizum** (método de pago preferente para a empresa) é :
619937972

O número de conta para facer **transferencia** é:

BANKINTER:
ES02 0128 0170 6201 0006 6857



IMPORTANTE: como **concepto** debes indicar

NOME DO ALUMNO/A + CC

Por último, pedímosvos que, na medida do posible, fagades este primeiro pedido ao longo desta fin de semana, para que así a empresa poda falar cos provedores, organizarse e ter as caixas canto antes no centro. Eles xa teñen o relato de rapaces e rapazas que firmaron autorización para venda mais, aínda así, é un volume grande e precisa duns días de organización.

Avisaremos do día de chegada do primeiro pedido e, a partir de aí, estableceremos un día fixo da semana.

En canto as rifas, todos terán, polo menos, un taco de balde. En canto cheguen ao centro repartirémolas.

Se tedes algunha dúbida podedes escribir ao correo do centro ies.carlos.casares@edu.xunta.gal.

Atentamente,
Vigo, a 17 de novembro de 2020

A Vicedirectora
Carmen Rodríguez Roa